

# ESPERPENTO

REVISTA ESCOLAR DO CEIP CAMPOLONGO

R/ XENERAL RUBÍN, N.º 3  
36001 PONTEVEDRA

Tfn. 986 85 52 88  
Fax 986 85 05 58

NÚMERO 23  
XUÑO 2004

**LETRAS GALEGAS 2004**

**XOQUIN LORENZO FERNÁNDEZ**

**"XOCAS"**

Elsa.



Andrea Brión 6.º A

Gracias  
**XOCAS**

**LETTRAS GALLEGAS 2004**

## Correlingua 2004.

O 11 de maio os grupos de 1º C, 2º A e 6º B participamos nunha carreira non competitiva pola zona monumental de Pontevedra, xunto con outros alumnos/as de Primaria, Secundaria e Bacharelato de Pontevedra e da comarca. Eramos uns

2.000 e ó final celebramos unha festa moi divertida na praza da Ferrería cantando e bailando, animados polo grupo Migallas.

O noso colexio levou un lema: *Mamá, non morras*. Mamá é a lingua galega, que está enferma porque

no colexio se fala moi pouco entre nós e entre os profesores. Prometemos falar máis en galego e sacala do hospital. ¡Xa veredes dentro duns anos que saúde vai ter.

Lema:

**¡MAMÁ, NON MORRAS!**

Manifesto:

Chamounos mamá un día, desde a cama do hospital.

Escoitade, filliños, vovos contar o que nunca vos contei. Non me interrompades, mentres teño folgos para falar.

Son unha vella señora, tan vella que miña nai era Lingua Latina Vulgar e meu avó o patricio Latín do Lacio, tronco de numerosos descendentes, que forman comigo a familia lingüística románica.

Chámome Lingua Galega e xa cumprín 800 anos. Sufrín moito, pero aquí me tendes aínda, entre vós, para axudarvos a dicir mamá, amor, amizade, primavera, bolboreta, xílgaro, bidueiro e soños. Para axudarvos a expresar sentimentos, ideas, temores, dúbidas e verdades.

Tiven infancia e adolescencia feliz, coma vós; crecín rápido e era envexada por outras irmás menos afortunadas. Destacaba nos séculos XII e XIII no xardín da literatura románica: era a flor-estrela máis fermosa e visitada. Disfrazada de cantiga habitaba na boca e no corazón de reis e nobres, de trobeiros e filósofos, de labregos e mariñeiros.

Máis tarde, hai 500 anos, tiven que refuxiarme na boca e na alma dos labregos, dos mariñeiros, e das mulleres e dos fillos e fillas dos mariñeiros, dos artesáns e dos peregrinos a Compostela.

— ¿A onde vai aquel romeiro, meu romeiro a onde irá?

— Camiño de Compostela, non sei se alí chegará.

Foron anos difíciles: estiven agochada, non podía saír en público, non podía moverme polas autoestradas da lingua escrita nin polas oficinas da Administración. Eran tempos escuros, nos que só podía refuxiarme nas corredeiras, detrás dos carros, e nas praias e peiraos, detrás das lanchas do xeito e das gamelas.

Levaba séculos padecendo unha forte depresión; sacáronme do pozo Rosalía, Pondal, Curros e outros moitos amigos, como Sarmiento, Xoán Manuel Pintos, Amado Carballo, Bóveda e Castelao. Con eles medroume a autoestima e atrevínme a saír nos libros. O 17 de maio de 1863 foi un día grande para min. Recibín parabéns e visitas das miñas irmás de Portugal, Cataluña, Francia, Italia e Romanía. Ese día houbo festa rachada na Casa Grande de Palabra con todos os galegos e galegas que non me abandonaran. Brindamos polo encontro e prometemos seguir medrando fortes sen complexos de inferioridade,

moi fachendosos de ser unha lingua tan importante e digna coma outra calquera.

Ate o ano 1936 celebramos a aparición de novos libros en galego, de novos falantes que se incorporaban á lingua propia de Galicia.

A festa interrompeuse porque sufrín un agudo ataque de franquite e tiven que volver refuxiarme nas aldeas durante corenta anos. O meu orgullo de estar impresa en libros converteuse en fume de fogueiras. Moitos ananos desleigados ignorábanme e simulaban non coñecerme de nada. A miña dignidade ofendida tiroume de novo na cama: non podía saír nin ver as flores na primavera, non podía escoitar os paxariños que sabía que seguían criando nas árbores froiteiras da horta. Feble como estaba, pensei tirarme ó monte e loitar co doutor Maquis contra a enfermidade.

Un 20 de novembro de 1975 notei unha milagreira sensación de benestar: respiraba mellor; o ceo parecía máis azul; o mar, verde turquesa; as cores do xardín, máis rechamantes; os rechouchíos dos paxaros, orquestra sinfónica; a noite, menos noite, estrelada; a pedra, menos dura.

Ó tres anos de convalecencia, os médicos déronme a alta un 6 de decembro de 1978 e agoirábanme longos anos de vida útil e fecunda.

Tres anos despois, 1981, os políticos declaráronme señora con todos os dereitos. Podía entrar, aínda que con receo pola falta de costume, na universidade, nos institutos, nas escolas, nas oficinas da Administración e ata fixen escapadas pola radio, pola televisión e por algúns xornais.

Empezaba a sentirme forte e rexa, con moitos anos de vida por diante, confiada nas análises practicadas. Empecei a mercar roupa nova e cara para estar á altura dos ambientes máis esixentes.

Algúns amigos preguntábanme cal era o segredo do meu excelente aspecto, da miña aparencia de saúde. Pero eu notaba por dentro unha doenza indefinible: unha dor que roía os ósos, unha tristura que me encollía a alma. Os síntomas empezaban a estar claros: un de cada cinco mozos/mozas decláranse analfabetos funcionais na lingua propia do país. 20.000 persoas con idades comprendidas entre 15 e 19 anos din que non saben ler na lingua do país, segundo o censo de 2001. As xeracións novas úsanme moito menos como lingua habitual. Galicia estase desgaleguizando.

Algúns médicos ousados afirman que son os efectos secundarios dun xarope receitao polo doutor Fragazo na clínica xeriátrica San Caetano. Outros non son que de dar coa causa. E hainos, poucos, que din que estou moi ben e que son hipocondríaca. Pero eu sei certo que algún cancro me roe por dentro.

Á verdade, eu tampouco entendo nada. Explicádeme, fillos, que fixestes os últimos 20 anos nas clases de galego. ¡Cinco hora semanais de galego para declararse analfabetos en galego!

¿Perdestes o tempo tan descaradamente? ¿E dicides que me queredes? Non vos creo.

—¡Non te preocupes, mamá! Nós coidaremos de ti. E porque queremos prolongar a túa vida, por iso berramos alto e forte:

Mil primaveras máis para ti.

Mil primaveras máis para o galego.

Queremos mil anos de dignidade.

Mil anos máis de liberdade, de paz e de solidariedade.


Mil anos de traballo estable.

Mil anos máis sen chapapote no mar, nas praias e nas rochas.

A túa vida depende de nós, mamá. E nós queremos depender de ti. Pedímoscho de corazón:

¡Non morras, mamá!

# Correlingua 2004




1 1 1 1 1 1 1 1  
 1 1 1 1 1 1 1 1  
 CAMIÑA  
 SEMPRE  
 CO  
 GALEGO  
 1 1 1 1 1 1 1 1  
 1 1 1 1 1 1 1 1

1 1 1 1 1 1 1 1  
 1 1 1 1 1 1 1 1  
 O GALEGO  
 NON SE GASTA.  
 USAO MOITO  
 1 1 1 1 1 1 1 1  
 1 1 1 1 1 1 1 1



# V SALÓN DO LIBRO INFANTIL e XUVENIL

Nicolás López Jar 5ºA



A semana do 1 ó 8 de febreiro celebrouse o "V Salón Internacional do libro Infantil e Xuvenil" no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Durante toda a semana acudiron numerosos grupos de alumnos e alumnas, de case tódolos colexios da comarca de Pontevedra, para visita-la exposición de seres fantásticos e asistir ás sesións de contacontos e obradoiros de escritura e

ilustración. Tamén acudiron algúns nenos e nenas acompañados polos seus pais.

Na exposición había: traballos de distintos colexios (entre os que estaba o noso), debuxos de seres fantásticos, descrições, libros e covas máxicas.


Resultou moi espectacular, os nenos e nenas pasárono xenial e puxeron a voa-la súa imaxinación.



# FAUNA MÁXICA







V Salón do libro infantil e xuvenil




Usamos distintos materiais e técnicas para facer os nosos seres fantásticos e participar así no V Salón do Libro Infantil e Xuvenil.



# CONCURSO ENTRE NÓS EN GALEGO



ALGÚNS DOS TRABALLOS  
PRESENTADOS Ó CONCURSO  
"ENTRE NÓS EN GALEGO"





Maio 2004

Esperpento

## CHAPAPOTE PARA TODOS, TODAS

13 de novembro, 2002.

13 de novembro, 2003.

365 días de dignidade,  
365 días de incompetencia,  
365 días de loito,  
3.650 días de contaminación mariña.




10 anos de país maldito,  
365 días de bocas amordazadas con euros.  
Miles de resignados esperando promesas:

Un Plan Galicia de fume,  
arrincado con manifestacións e protestas.


365 días de chapapote,  
365 días de praias negras,  
365 días de barco cuspiendo fuel.  
Anos de fondos mariños contaminados.

Non están esplendorosas as praias,  
non gozan dunha limpeza inmaculada,  
máis limpas ca antes non están.  
365 días de mentiras.  
365 días de promesas incumplidas.


Galicia é lugar de paso para barcos:  
Por Fisterra navegaron galeras fenicias,  
despois as romanas e viquingas,  
galeóns ingleses e mercantes alemáns.  
Agora pasa por Fisterra  
o 70 por cento do tráfico marítimo  
das mercancías perigosas do planeta.  
Galicia e a Bretaña francesa,  
unidas antes na cultura celta,  
temen agora os barcos vasura  
que sulcan as súas costas.



Galicia e Bretaña concentran o 90 por cento dos accidentes petroleiros, convertidos en desastres ecolóxicos. Triste marca, triste cabodano.



Galicia limita ó norte co Cantábrico, ó oeste co Atlántico. Galicia é un país que vive de milagre: produce ó ano 12 meses xustos, miles de conciencias resignadas, 3.000 romarías gastronómicas e moito chapapote, 77.000 toneladas de chaapaapote bailando ó son das ondas feridas.




Chapapote negro, espeso que encolle o corazón, que afoga as voces de protesta, que introduce elementos canceríxenos na cadea alimentaria.

65 días de voluntarios xenerosos, solidarios. 300 días de voluntarios esquecidos. lección de ecoloxía e solidariedade na desgracia.



O desastre do *Prestige* non foi bendición para Galicia. Os efectos negativos notaranse ó longo de 10 anos: redución de capturas de peixes e mariscos, introducción de derivados do petróleo na cadea trófica mariña e humana, si, tamén humana. Efectos: saberanse a medio e longo prazo.



## ENTREVISTA Á MESTRA ELENA

### DECANA DO COLEXIO

Borja y Andrea 6º C

**¿Cantos anos leva neste colexio?**

32 anos. Dende que empezou a funcionar.

**¿Foi feliz co seu traballo realizado?**

Si, porque é a miña vocación e penso que a vou botar de menos.

**¿A que anos se fixo mestra?**

Ós 25 anos.

**¿Cantos anos lle levou sacar o título de mestra?**

3 anos. Os que eran da carreira.

**Despois de tantos anos de mestra, ¿Segue gustándolle exercer o seu traballo?**

Si, moito, e penso que ó xubilarme vou botalo de menos.

**¿Cambiou moito o colexio nestes últimos tempos?**

Si bastante. Hai máis medios, dispoñemos de máis aulas, xa que hai menos alumnos.

**¿Cambiou a forma educativa nestes últimos anos?**

Na forma, si. No fondo non porque a educación segue tendo o mesmo obxectivo que é formar persoas con valores humanos.

**Dende que vostede chegou ó colexio, ¿Cambiou moito a forma de ser dos nenos?**

Algo cambiou. Antes tiñan máis espírito de sacrificio para traballar e eran disciplinados. Agora teñen outros medios mellores, pero menos capacidade de esforzo.

**¿Gustaríalle que se cambiase algo no colexio?**

En xeral está ben, mellorou, pero seguimos tendo o mesmo problema:

O da limpeza.

**¿A que se dedicará, no tempo libre, agora que se xubila?**

A moitas cousas. En primeiro lugar ós meus netos, ás miñas amizades, á miña familia e a outras actividades para as que dispoñía de pouco tempo:

Ler, viaxar, facer traballos manuais...



# ENTREVISTA ÁS PROFESORAS M<sup>a</sup> CARMEN COR- TIZO E MARINA LAREDO, PROFESORAS NOSAS NO 2º E 1º CICLO, RESPECTIVAMENTE.

Juan Carlos Santana, Lorena Pombo, Belén Rodríguez e Sergio Rey 6ºC

¿Cantos anos levas dando clase?

M<sup>a</sup> Carmen: 36 anos.

Marina: 41 anos.

¿En que ano viñeches a este colexio?

M<sup>a</sup> Carmen: Hai 12 anos, no 1992.

Marina: No 1989.

¿Dende pequena quixeches ser profesora?

M<sup>a</sup> Carmen: Si, pero tampouco había moito que escoller.

Marina: Non, quería ser administrativa e meus pais dixéronme que fixera maxisterio. E non me arrepiño.

¿Que recordo te levas destes longos anos de profesión?

M<sup>a</sup> Carmen: Todo foi positivo e estupendo.

Marina: Un recordo agradable e satisfactorio.

¿Diches clase a todos os cursos?

M<sup>a</sup> Carmen: Si, estiven en unitarias, distintos anos e logo na ESO.

Marina: Si, en toda a miña carreira.

¿Trabállaches noutros colexios?

M<sup>a</sup> Carmen: Si.

Marina: Si.

¿Cales?

M<sup>a</sup> Carmen: En Bora, en Covelo (Pedrafita do Cebreiro), Soutomaior, Arcade e logo aquí (C.E.I.P. Campolongo).


Marina: Campolameiro, Monteporreiro, en León e en Madrid.

¿Lévaste ben cos demais profesores?



M<sup>a</sup> Carmen: Sí, con todos; nunca tiven inimigos. Sempre te levas máis cuns que con outros.

Marina: Si, estupendamente.

Gracias as dúas por dedicarnos este tempo e gracias, tamén en nome dos nosos compañeiros, pola educación que nos destes.



## II EXPOSICIÓN DA CAMELIA



As nosas camelias de plastilina, papel e outros materiais locen na exposición.



## CAMELIA

Ti adornas as nosas cidades  
Coas túas curiosidades,  
Vés no outono tan bonita  
E vaste no verán coas mariquiñas.

Chegaches do Oriente  
Con follas e flores nacentes,  
Quédate con nós por favor  
que sen ti non hai amor.

Pablo Astor Molero 6º A



## OS CAMELIOS DA MIÑA TÍA MARÍA

Os camelios da miña tía María son moi particulares.

O primeiro é vermello e a súa cor ilumina a cara da miña vella tía María.

O segundo camelio é branco e rosa clariño.  
¡Que bonito!

Failla compañía a miña vella tía María.

A miña vella tía María necesita amor e alegría do terceiro e último camelio.

O terceiro camelio é de cor vermella e morada.  
A miña vella tía María vive con tres camelios que lle dan alegría, compañía e amor.

Isabel 2º C

## O CAMELIO

**O camelio é a árbore que da unha flor chamada camelia. Hai máis de 3.000 variedades.**

**O camelio veu do Xapón e dáse moi ben en Galicia e na parte occidental de Asturias.**



**Esta árbore necesita esterco semidescomposto, natureza ácida, áreas temperadas, situación de sombra total ou parcial, auga e que estean protexidas do primeiro sol matutino para que non se malogren os botóns de flores.**

**As camelias son plantas moi vistosas, de moitos cores e teñen unhas follas de un verde escuro brillante, recias, co limbo liso e finalmente dentadas nos bordes, que medran sobre curtos pecíolos.**

**Cando os camelios florecen comeza un grande espectáculo, segundo as súas variedades, isto prodúcese en tres períodos escalonados, entre outubro – decembro, decembro – marzo e marzo – maio. A poda efectúase xusto despois da floración.**



David Revilla Nebreda 4ºA

## A CAMELIA

Camelia Camelia  
 ¿onde vós ti tan bela?  
 Vou pasear antes de que  
 chegue a primavera  
 ¿por que?  
 Para que cando chegue se-  
 guir sana e bela  
 ¿para que?  
 Para deleitar á abella raiña.




## A CAMELIA

Vexo un camelio  
 o camelio do amor  
 que mañán ó mellor  
 ten unha flor.

Por fin naceu a camelia  
 a camelia xa naceu  
 ique bonito é!  
 ipor fin chegou o amor!

Chegou o inverno  
 a camelia morreu  
 Chegou a primavera  
 e a camelia reviviú.

A camelia volveu  
 no verán fuxirá  
 e por fín no inverno volve-  
 rá  
 para nos contemplar.



## A CAMELIA NA ÁRBORE

A camelia  
 na árbore  
 é moi feliz  
 porque eu  
 a quero alí  
 a camelia  
 na árbore  
 Chi chic chi  
 Eu a protexo iioh oh oh!!  
 da miña irmã  
 porque a quere destruír  
 A camelia na árbore  
 é moi feliz  
 está ben  
 porque eu a quero alí.  
 A camelia na árbore  
 é moi feliz,  
 eu plantarei outras  
 e vivirán alí.



## A CAMELIA

A camelia é xenerosa  
 a camelia é como unha  
 rosa  
 e, á vez, preciosa.  
 Non ten olor  
 pero ten cores primoro-  
 sas  
 branco, vermello e rosa



Ana Villar  
 Carlos Rivas  
 José Manuel Carral  
 Carlos Pereiras  
 María Ogando, Lucía Al-  
 datz, Berta Redondo,  
 Alexandra Tapia  
 4ºA

# CAMELIA 2004

## CAMELIA LOXA

A señora Camelia Loxa chegara pouco tempo antes dende o Xapón ata as nosas queridas Rías Baixas.



Quedouse tan alucinada ó ver as nosas Rías Baixas que decidiu quedarse un mes.

Un día púxose a pensar e chegou á conclusión de que se as nosas costas eran tan fermosas por fora, por dentro terían que ser o do-


bre de fermosas.

Deste modo a señora Camelia Loxa mercou un equipo de buzo e botouse ó mar. Pero o que alí atopou non era o que ela esperaba, se non que todo o fondo mariño estaba cuberto dunha masa negra e viscosa que o contaminaba todo.

A partir de aquel día non se volveu saber nada da Camelia Loxa, algúns cren que se converteu nunha psicóloga especial para peixes, posto que os peixes que alí encontraron sufrían de estrés, así que decidiu quedarse a vivir aquí. Outros cren que se ofre-

ceu voluntaria para limpar chapapote. O que si se sabe é que a Camelia Loxa estará a facer unha boa acción.

*Antía Reguera Acuña.6ºC*



Alguns traballos presentados para a II Exposición da Camelia





# O CARRIZO

Nenos e nenas de 3ºB

## FICHA TÉCNICA

NOME CIENTÍFICO: Troglodytes.

OUTROS NOMES GALEGOS: Carrizo ou carriza.



NOME CASTELÁN: Chochín

ASPECTO: Paxaro moi redondiño cola moi curta case sempre colocada en posición vertical. Ten a cor castaña. Inquedo, móvese constantemente.



## HABITAT

Raramente sobe ás árbores. Vese en arbustos, hortas e parques. É desconfiada pero non lle escapa ó home.



## COMO É

É a ave máis pequena de Galicia, é un paxaro simpático, repoludo, coa cola pequena case sempre revirada para riba.

A cor é parda no lombo e algo máis clara no peito, Ten unha liña branca por riba do ollo semellando unha cella.

O peteiro é moi fino coma corresponde a unha alimentación insectívora.

As patas son bastante fortes porque as exercita



## COMPORTAMENTO



O carrizo é un paxaro moi nervioso, activo, incansable, non para, por iso é solitario pero ten certa tendencia a durmir en colectividade, formando pelotóns.

O seu "guinness" está en xuntarse a durmir sesenta carrizos nunha soa caixa-niño posta nunha árbore.

É famoso polas liortas que organiza cós seus compañeiros machos por mor das femias.



## O NIÑO

É moi curiosa a forma como constrúe o seu niño, formado por unha bola vexetal cun burato para poder entrar.

É da familia dos TROGLODITAS, chamados así, por face-lo niño en forma de cova, pois troglodita significa habitante das cavernas. É o único habitante de esta familia dos trogloditas europeos.

É un paxaro namoradizo, algún macho chega a ter tres femias.

Pon de seis a oito ovos que choca durante catorce días. Os pelachos empezan a voar ós quince.



O macho fai tres ou catro niños esféricos cunha entrada lateral que ofrecerá a súa femia, que ela inspeccionará con todo coidado. Acabará escollendo un só e ela mesma daralle os últimos retoques forrándoo confortablemente.

Pode suceder que non lle guste ningún, e que marche na procura doutro constructor máis hábil, deixando ó pobre macho "composto e sen noiva".


Soamente choca a femia, aínda que o macho axuda na súa crianza cando os paxariños xa están algo medrados.

## O CANTO

Como é tan pequeniño chama moito a atención o seu rechouchío forte. É unha voz sonora de alarma que lanza histericamente cando tentamos achegarnos a esa boliña nerviosa de plumas.

O carrizo canta para atraer á femia, pero o seu propio nerviosismo xógalle unha mala pasada e, cando se achega a súa compañeira, xa está debilitado e non pode seguir cantando.

Soe cantar tamén no inverno, xa que é un paxaro moi territorial, e non lle interesa pasar desapercibido e perder o seu lugar.



## CARRIZO\_\_CUCO



O cuco ten predilección por parasitar ós carrizos. Pese a que ten unha tremenda diferenza de tamaño, mete os seus ovos no niño da carriza, e para solucionar o problema, coloca o ovo no chán e co seu peteiro meteo no niño da carriza, sen que ela se dé conta.

E, por se acaso non sabe contar, cambia o seu ovo por un da carriza para te-lo mesmo número e así ela non se lle enterará.

O cuco é tan "cuco" que pon os seus ovos parecidos ós da carriza.

## POEMAS

Teño andado moito á caza,  
nunca vin unha carriza;  
non sei se era polos cans  
ou pola miña preguiza  
(Popular).

Un carrizo namorado  
afogouse nun luceiro;  
chora o monte e a campía  
de loito vestiuse o vento.  
(L. Amado Carballo)



# A FEIRA FRANCA

A feira franca é unha festa que hai catro anos que se celebra na nosa cidade, por unha parte para recuperar a memoria dun dos tempos de maior puxanza e prosperidade da mesma, o comprendido entre finais do século XV e o último tercio do XVI; por outra, promover a implicación activa da cidadanía nun proxecto de dinamización do centro histórico, un espacio de grande valor artístico e escenario privilegiado para o desenvolvemento dunha proposta de recreación da mellor historia de Pontevedra, ambientado para a ocasión.



Axente se viste de forma distinta que na actualidade utilizando roupas representativas das distintas clases sociais da época, como reis, raíñas, príncipes, princesas, cabaleiros, mesoneiras, fe-

rreiros, escudeiros, bufóns... Cando entras na zona vella o chan está cuberto de palla. Nas rúas hai moitos postos de comida, obxectos de coiro e de outros materiais, forxas, tarot, etc. e exhibicións de actividades medievas, como a cetrería e dúas exposicións sobre aves. Os menús dos postos de comida teñen moita variedade de pratos: tenreira, porco, sardiñas, empanadas, chourizos, polos, e unha gran variedade de tartas e doces algúns incluso afrodisíacos, como cachos de froita bañados en chocolate, e puidéronse saborear durante todo o día. Unha das actividades máis atractivas é o desfile que reproduce a entrada do viño polo camiño de Castela.

reiros, escudeiros, bufóns... Cando entras na zona vella o chan está cuberto de palla. Nas rúas hai moitos postos de comida, obxectos de coiro e de outros materiais,



forxas, tarot, etc. e exhibicións de actividades medievas, como a cetrería e dúas exposicións sobre aves.

Os menús dos postos de comida teñen moita variedade de pratos: tenreira, porco, sardiñas, empanadas, chourizos, polos, e unha gran variedade de tartas e doces algúns incluso afrodisíacos, como cachos de froita bañados en chocolate, e puidéronse saborear durante todo o día.

Unha das actividades máis atractivas é o desfile que reproduce a entrada do viño polo camiño de Castela.



Nos días previos á celebración da festa, organízanse distintos cursos de danzas medievas, confección de traxes etc.

Para rematar a festa celébrase unha cea á luz das candeas e onde hai que co-



mer coas mans e á que acude moitísima xente.

Esta feira é moi divertida, pasámolo moi ben xogando. A nós o que máis nos gusta son os postos nos que ven-



den accesorios coma pulseiras, colares, aneis, etc.

**Aldara, Andrea Brión, Lucía Águeda, Andrea Boullosa, Pilar, 6ºA**

# FROITOS DE NOVA INTRODUCCIÓN EN GALI-CIA

Andrés Gilganz, Alvaro González, Cristina Ramos, Manuel Sobral,  
Cristina Benavente, Alejandro Carballada, Sara Tabo, 5°C

Cando fomos á conferen-  
cia sobre uns froitos que  
non son autóctonos pre-  
guntabámonos como sa-  
berían, como serían e a  
cales se referiría. Pronto  
soubemos que os froitos  
que iamos ver eran moi  
diferentes os que todos  
coñecemos, pera, mazá ...  
e ademais da súa estraña  
forma, os seus nomes son  
novos para nos como o  
kiwano, feixoa, maracuiá,  
Kiwino, e guaiabo amo-

rodo, algúns deles aínda  
non se poden atopar no  
mercado pero co paso do  
tempo poderemos.

A señora que nos deu a  
conferencia traballaba  
nunha plantación de kiwis  
e díxonos que son plantas  
de crecemento rápido e  
que hai que plantalas polo  
menos a 3 ou 4 metros de  
distancia unha da outra e  
contounos que había flo-  
res masculinas e flores fe-  
mininas e que cada tipo

de flor está nunha árbore  
diferente.

Despois chegou a de-  
gustación, algúns tiñan  
un sabor agre outros  
non, ó kiwano cómense-  
lle as carabuñas. O que  
máis nos gustou foi o ki-  
wiño e a feixoa pero o  
guaiavo amorodo tamén  
nos gustou a pesares do  
seu sabor un pouco agre.



Planta do  
guaiabo  
amorodo

Flor e froito do  
guaiabo amorodo

Flor da  
feixoa



Kiwinos na planta



## GUAIABO AMORODO



Os guaiabos son árbores da familia das mirtáceas. Producen un froito co que se poden preparar marmeladas, xeleas, etc. ademais de poder consumirse en fresco.

O guaiabo amorodo ten un froito de menor tamaño que o guaiabo común é parecido a unha cereixa, con

moitas sementes. A pel é delgada de cor vermella a súa polpa de sabor acedo, é carnosa, branca no centro. É rica en vitamina C, tamén contén calcio, ferro



e potasio. O sabor recorda ó da fresa. Madura gradualmente incluso ata decembro e pode empezar a recollerse a partires de setembro. Adapta-se ben a climas temperados. É orixinario de Brasil e Uruguai.



## KIWANO



O kiwano é orixinario de Nova Zelandia. Madura durante todo o ano. A súa forma é ovalada, a súa pel é amarelo - laranxa, con puntas espiñosas, grosas e moi afiadas.

A polpa é de cor verde vi-droso, seu peso é duns 300 gr. O Kiwano contén minerais como o potasio, calcio, magnesio e sodio.

Tamén contén vitamina C, glicosa e ácido cítrico, destaca sobre todo polo seu escaso contido en grasas.

Seu sabor é agre e refrescante á vez, aseméllase ó pepino. Se come ó natural e é válido para mesturar en ensaladas e cócteles e tamén para acompañamento de pratos

de carne ou peixe. Se se quere engadir un delicado matiz ó sabor do kiwano, pode engadírselle zume de limón, nata e brandy ou coñac.



## MARACUIÁ



Maracuiá ou Froita da paixón é un froito tropical que forma parte de numerosas especies de plantas trepadoras da familia das Pasifloráceas con flores características. Algunhas son importantes como ornamentais; outras se cultivan polos seus froitos comestibles. A flor da pai-

xón silvestre (P. Incarnata) trepa de 3 a 9 metros de lonxitude e o seu froito amarelo, en forma de baia, ten un sabor agridoce. A flor da paixón amarela (P. Lutea) é una planta máis pequena con froitos de cor morada. Prodúcese en Kenia, Costa de Marfil, Suráfrica e Brasil.

A flor da paixón úsase a miúdo para simbolizar os feitos ocorridos nas últimas horas da vida de Xesucristo, de aí que a planta

reciba este nome. A maior parte da produción da froita da paixón dedícase á elaboración de zume, anque tamén está gañando popularidade como postre. A froita da paixón destaca polo seu aporte en proteínas, vitaminas A, B1, B2, B12 y C. Tamén ten unha apreciable riqueza mineral, destacando seu contido en calcio, ferro e fósforo.





### FEIXOA



A planta da Feixoa é un arbusto de 3 a 4 metros cunhas follas de cor verde mate. Das súas flores vermella brillante fórmanse unhas baías ovoideas que conforman o froito. A súa pel é rugosa, correúda e de cor verde intenso. A polpa, de textura xelatinosa e cor crema, alberga nela unhas sementes moi pe-

quenas, imperceptibles cando se come ó natural. Seu sabor é doce moi perfumado, desprende un olor que recorda ó da piña.

Froita orixinaria de Uruguai e do sur de Brasil. Na actualidade son países produtores EE.UU (California, Florida), Nova Zelandia, Israel, Italia y Francia. Polas caracte-

rísticas xenerais esta froita parecese á guaiaba



A Feixoa é rica en iodina, proteínas, vitaminas A, E y C.



### KIWIÑO



O kiwiño, con aspecto de ameixa e sen pelo, é unha nova froita derivada do kiwi, ten o tamaño du-

nha uva e é moi rica en vitamina C.


A nova froita, que segundo os expertos é totalmente comestible, presenta unhas características moi similares ó kiwi tradicional xa que conserva a mesma cor verde, as mesmas sementes e o mesmo sabor. Sen embargo, se distingue do

kiwi no tamaño, xa que o novo cultivo é de dimensións similares a unha ameixa, e non ten pelo.

O kiwiño presentouse na IV Exposición de Productos de Plantas Ornamentais de Galicia e empezouse a cultivar en Pontevedra.



## MADRID 11 DE MARZO



### A ESTACIÓN

Onte na estación  
cunha dor no corazón  
das persoas que non teñen  
perdón  
choraron mogollón.

E o triste aroma  
do rancor  
fundiuse  
na estación.

*Laura Del Castillo 5ªA.  
12/3/2004*



### POLAS RÚAS DE MADRID

Polas rúas de Madrid  
eu só sangue vin:

Sangue de desgracia.  
Sangue de terror.  
Sangue sen gracia.  
¡Ai! ¡que horror!

Por esa mesma rúa  
tamén vin choros  
que rezaban ós santos:

Choros de mortes.  
Choros de mentes.  
Choros ocorrentes  
e entre dentes.


*Pedro Estevez 5ªA.  
12/3/2004*

### TEMOS DEREITO

A xente ten dereito  
a vivir toda a vida  
e non morrer polo feito  
de subir nun tren sen saída.

É inxusto e tráxico  
que por ter ideas diferen-  
tes  
aniquilen algo máxico:  
o que albergan as nosas  
mentes.

*Raquel Madrigal 5ªA.  
12/3/2004*





# SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teresa, Eva, Noelia, Jacobo e Sabela 6ºB

Santiago de Compostela, cidade española, capital de Galicia desde 1981. É cidade universal e ten aeroporto internacional ( Lavacolla).

Santiago está nunha situación equidistante entre os principais núcleos urbanos da comunidade e constitúe un lugar de paso obrigado no eixe vital da economía rexional. O seu casco antigo debuxa un plano elíptico arredor do outeiro onde se asenta a catedral. O ensanche contemporáneo está situado na parte máis baixa da cidade. A súa Universidade (século XVI) constituíu un centro importante de atracción cultural. As súas funcións culturais, xunto coas sanitarias, fixeron da actual capital o centro natural de Galicia, mentres que as funcións relixiosas e turísticas conferíronlle unha sona mundial.


Segundo a tradición, as ori-

xes da cidade débense ó achado (813 ) da tumba do apóstolo Santiago, suposto responsable da primeira evanxelización de Galicia. Segundo conta a lenda, un anacoreta chamado Paio viu unhas luces sobre o monte onde se asenta hoxe a catedral e acudiu ó bispo Teodomiro de Iria Flavia para comunicarllo. Descubriuse o sepulcro do apóstolo no campo sobre o cal Paio vira as luces. De aí procede o nome de Compostela ("campus da estrela"), aínda que se ten discutido tal etimoloxía, pois podería proceder de "compositum", cemiterio. De feito, documentouse arqueoloxicamente a existencia previa de necrópole paleocristianas e suevas.

A partir do século IX Santiago converteuse nun centro de peregrinación europea o que contribuíu ó seu desenvolvemento artístico e económico durante toda a Idade Media. O punto neurálxico dese movemento

material e espiritual foi a catedral, onde se gardan os restos do apóstolo, mandada construír polo bispo Diego Xelmírez (século XI). No século XII instituíronse os votos en homenaxe ó patrón de España.

Outros monumentos importantes da capital son o Hospital Real, realizado por Enrique Egas (século XVI), de estilo plateresco, e os conventos barrocos de San Martiño Pinario (1738) e de Santa Clara. O pazo de Raxoi e a Universidade son importantes construcións de estilo neoclásico. O estancamento caracteriza o século XIX, a pesar de que nesta época o casco histórico adquire a súa fisionomía definitiva. Na actualidade Santiago é un centro administrativo, turístico e de servizos, cun urbanismo exemplar e boa calidade de vida.



Aldara Taveso 6ºA

# MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO

Macarena Otero Navarro 1º E


O día 14 de xaneiro fomos de visita a Santiago. Para chegar ata ali, utilizamos como medio de transporte un autobús no que nos explicaron un chisco do que iamos ver.

Unha vez en Santiago fomos o Museo de Arte Contemporáneo, ali vimos unha exposición de Vik Muniz, que é un artista brasileiro que fai cadros con cousas cotiáns como: xoguetes, alimentos, terra, burbullas, alfinetes, arames, fios... e unha vez feitos estes cadros, sácalle fotos e os desfai.


Cando empezou a visita, unha monitora levounos a un aula de manualidades para facer un traballo relacionado coa obra de Vik Muniz.

Máis tarde dirixímonos a sala onde estaba a exposición, ali vimos 53 obras agrupadas en series segundo o material das pezas. A min chamouse moito a atención as súas obras, por exemplo: unha Mona Lisa feita con marmelada de fresa e outra feita con manteiga de cacahuete; unha imaxe de Marilyn Monroe feita con xarope de fresa; uns cadros de paisaxes feitos con fios; uns bichos que daban forma a unha rosa... Pero o que máis me gustou foron os cadros de seis nenos feitos con azucre. A historia de estes cadros é que Vik Muniz, foi ó Caribe nunha viaxe de pracer e coñeceu a estes nenos. Estivo xogando con eles, coñeceu

os seus pais, e cando xa se ía, pediu permiso os seus pais para retratalos. Co consentimento destes retratou os nenos en azucre e despois meteu o azucre pintado correspondente a cada neno en tarriños co seu nome.



Vik Muniz: Sugar Children, Valentina, the Fabulous Young da azucre, Valencina, a máis criança, 1996.



# CONVIVENCIA DOS NENOS DE CAMPOLONGO COS DA LAMA

Claudia Gómez de Castro, Alberto Escobar 4º B


## A LAMA

O día 18 de marzo fomos A Lama para pasar unha xornada cos rapaces e as rapazas do colexio desa localidade. Saímos de Pontevedra ás 9:15 horas, fomos en autobús ata a zona das Ermitas onde nos atopamos cos nenos e nenas da Lama, alí planta-


mos árbores. Fixemos grupos de seis ou sete nenos para a plantación. Para plantalos utilizamos unha ferramenta chamada sacha. Ó rematar estivemos xogando e máis tarde comemos, bocadillos, empanada, pasteis de chocolate e plátanos. Despois xogamos cos nenos da Lama, á bomba e ó brilé.

Logo despedímonos dos nenos e dos profesores. Regaláronnos unha árbore para cada un de nós e volvemos en autobús.

Gustounos moito a convivencia cos nenos da Lama



## A LAMA - CAMPOLONGO



## CAMPOLONGO

O día 20 de marzo os alumnos do colexio A Lama viñeron a Pontevedra para rematar a xornada de convivencia. Primeiro o director do noso colexio lle deu a benvida na Sala de Usos Múltiples. Despois, desprazámonos ata a Alameda e alí recibíronnos o Alcalde e o Delegado de Parque e Xardíns. Plantamos unha árbore e o director entregoulle á directora do colexio da Lama unha peza de cerámica como agasallo. Logo, comezamos o recorrido por Pontevedra.

Os nenos fixemos de guía en vez dos adultos. Na miña clase os guías foron: Daniel, Claudia, Raquel e eu. Este é o percorrido que realizamos: Alameda, Casa do Concello, Ruínas de Santo Domingo, Santa María, Casa das Campás, Teatro Principal, Praza de Curros Enríquez, Praza da Ferrería, Praza da Peregrina e Praza do Teucro. Na Praza do Teucro estaban uns xogadores do equipo de balonmán de Pontevedra: O Teucro. Os xogadores fixeron preguntas e ó que acertara regalábanlle unha camise-

ta.

Ó volver ó colexio comemos. A comida estaba moi boa. Eran uns bocadillos de xamón, queixo ou tortilla, empanada, e de postre froitas e napolitanas.

A continuación xogamos ás sillas, ó crocodilo e ó fútbol ou ó brilé.

Finalmente, o director despediu os rapaces e profesores da Lama e entregáronnos a todos un libriño do Casco Antigo de Pontevedra.

## O DOLMEN DE AXEITOS

Texto: Hadrian Montes,  
Fotografía: Jorge Leal 5°C, Jacobo Portela 5°B




Despois de visita-las dunas, volvemos colle-lo autobús e continuamos a excursión. Antes de chegar ó Castro de Baroña, a seguinte parada foi o Dolmen de Axeitos, para chegar alí tivemos que andar un cachiño.

O dolmen de Axeitos, coñecido popularmente como a Pedra do Mouro, atópase na parroquia de Oleiros (Ribeira). Este megalito, considerado por algúns autores como o Partenón do arte Megalítico en Galicia, consta de oito pedras verticais, algo inclinadas cara o centro e sostendo unha gran pedra de 4,5 por 3,5 metros. A cámara ten unha altura de dous metros. A súa antigüidade se data no terceiro milenio a.c.

Como tódolos monumentos deste tipo, tivo un carácter funerario e estivo cuberto de terra o que lle daba un aspecto de cova a que se

chegaba por un corredor de entrada orientado ó este, que desapareceu.

A función deste tipo de construción relixiosa, tamén chamada mámoa, pénsase que daba continuidade ó costume neolítico de enterrar ós mortos en covas e parece que estaba destinada a personaxes importan-



# CASTRO DE BAROÑA

Texto: María Otero, Cristina Benavente, Alejandra García 5°C  
Fotografía: Jorge Leal 5°C, Jacobo Portela 5ºB

Os castros son antiquísimos poboados, aínda así séguense encontrando restos destas antigas civilizacións.

En Galicia atópanse moitos restos de castros entre eles o de Baroña.

O Castro de Baroña, declarado patrimonio artístico nacional atópase na parroquia sonense de Baroña. Sitúase nunha pe-



nínsula rochosa á que se chega por un istmo areoso.

No Castro pódense apreciar as fortificacións que o rodean, seguidamente o que nos atopamos é un triple encintado de muros paralelos e escalonados que finalizan nunha porta de entrada.

Tras a porta de entrada, chegamos a un poboado, dividido en dous: a parte inferior (zona sur) e a superior (zona norte).

As construcións son case



todas de planta circular, con banco corrido en todo o perímetro das casas e non se aprecian portas de entrada ou ventás. A falta de portas e ventás xustificábase baixo a teoría de que a porta da entrada estaría na teito das vivendas, o que ven reforzado pola pouca altura das paredes exteriores, e a iluminación interior viría dun oco situado na parte mais alta que tamén faría de cheminea.

Tomando como referencia as escavacións arqueoló-



xicas pódese afirmar que alí existiu unha civilización ou cultura Castrexa, pois posuían trazos propios de identidade como as súas construcións, o seu arte, a súa relixión e a súa organización social.

A economía Castrexa dependía do entorno. Nos castros marítimos, como o de Baroña, a actividade principal era a pesca, incluso en augas profundas. Se coñece que dispoñían dunha agricultura e ganadería de subsistencia coa existencia de porcos, cabalos, cabras, vacas, ademais do can como animal doméstico e de compañía.



Tamén se atoparon fornos onde, por distintos estudos realizados, se sabe que traballaban en primeiro lugar o bronce, en segundo lugar o ouro, e por último o ferro; estes materiais utilizábanos para facer armas e obxectos utilitarios.

Os enterramentos e motivos relixiosos son escasos, tampouco se atoparon construcións relixiosas, pénsase que eran politeístas, é dicir, que adoraban os elementos da natureza.

# UN PASEO POR PONTEVEDRA

Alberto Escobar Rivas 4º B

Os nenos de 4º de primaria, fixemos unha excursión polo Casco Antigo de Pontevedra. Comezamos na praza da Ferrería, chamada así porque antigamente alí se traballaba o ferro. Despois fomos ó Santuario da Virxe Peregrina, pero antes pasamos pola porta de Trabancas, unha porta da muralla que antigamente rodeaba Pontevedra e pola que pasa o Camiño Portugués a Santiago de Compostela.

No Santuario da Virxe Peregrina vimos unha concha xigante doada ó Santuario polo mariñeiro Méndez Núñez. O Santuario da Virxe Peregrina é unha igrexa do Camiño de Santiago, por iso ten forma de concha de vicira. Pasamos pola praza de Ourense, que se chama así porque antes uns señores instalábanse nese lugar e arranaxaban os



paraugas e afiaban os coitelos. Eses señores viñan de Ourense, e por iso, no seu honor chamaron así á praza de Ourense. Seguimos nos xardíns de Casto San Pedro e fomos ata á praza da Estrela, chamada así pola fonte que ten no medio, que ten forma de estrela.

Baixamos ata á praza da Leña que como o seu nome indica, era alí onde antigamente vendíase a leña. Na praza da Leña está o museo de Pontevedra, e, no seu centro hai un cruceiro. Seguimos na praza da Verdura que evidentemente, se chama así porque alí, antigamente era onde se compraba a verdura.

Na praza da Verdura está a Casa da Luz porque antes alí

había un xerador de luz eléctrica que daba enerxía a toda a cidade. Pontevedra foi a primeira cidade galega que tivo luz eléctrica. Isto ocorreu no ano 1887.

De seguido contáronos a historia do loro Ravachol: "O loro Ravachol era o loro dun boticario que vivía aquí, en Pontevedra. Cando os clientes ían á botica do loro Ravachol, o loro faláballe, gritáballe e soltaba algunha que outra palabrota. Os clientes colléronlle moito agarimo e, cando morreu, a pena foi tan grande que moita xente





foi ó enterro. Foi un personaxe tan popular que decidiron homenaxealo e actualmente é o símbolo do Entroido. Despois fomos á praza de Méndez Núñez, dedicada ó célebre mariñeiro e na que está súa casa. Nesa praza hai unha estatua coa efixie de Valle-Inclán, o escritor. Seguimos na praza do Teucro, na que nos contaron súa historia: "Teucro era un grego que despois de participar na Guerra de Troia, volveu á súa casa. Pero por razóns que descoñecemos o seu pai enfadouse con el e achouno fóra de casa. A lenda tamén din que guiado polo canto dunha sereíña chamada (non, Ariel non) Leufonía chegou ás terras de Galicia, e lle pareceu tan bonito

que decidiu quedarse a vivir ali".

Seguimos andando e chegamos fronte á Basílica de Santa María a Maior, que fai pouco, viu o rei Don Juan Carlos I e súa esposa Dona Sofía e doulle á Basílica o título de Real. Así que agora se chama Real Basílica de Santa María a Maior (¡Que nome tan largo!). Fronte á Basílica vimos un cruceiro que ten historia propia: "Antes, no Ponte do Burgo, o ponte que dá nome a Pontevedra, había un cruceiro, pero o quitaron e o puxeron noutro lugar. Durante moitos anos se creu que o cruceiro do Ponte do Burgo era o da praza da Leña, pero recentes estudos confirmannos que ese cruceiro é o que está diante

da Real Basílica de Santa María a Maior. Vimos a fachada principal da Basílica que representaba a subida da Virxe María ó Ceo. Pero o Autor, Cornelius de Holanda non se sabe se cometeu un erro ou o fixo para fastidiar: Esculpiu a Xesucristo á esquerda do Señor. É un gran misterio sen resolver. De seguido volvemos para o colexio. Foi unha visita moi interesante.



## OBRADOIRO DE TEATRO 6º B

Fomos invitados polos profes do primeiro ciclo a representarlles algo aos alumnos/as de 1º e 2º. Puxémonos a traballar escribindo cada equipo un texto teatral que se desenvolvese nunha escola no fondo da ría de Pontevedra. Os personaxes, por tanto, debían ser animais de mar. Cos textos presentados, refundidos, elaboramos outro texto máis longo, que

empezabamos a ensaiar para o 14 de maio, data da representación.

Para homenaxear a Xaquín Lorenzo, debiamos introducir nomes de peixes, mariscos se tamén de oficios relacionados coa pesca.

A medida que ensaiabamos, fóronsenos ocorrendo detalles, que engadimos ao texto, á mímica e tamén aos movementos dentro da sala, porque os actores

ocuparon o escenario, o fondo da sala para os coros e tamén diante do escenario para o violín. Dous días antes confeccionabamos os traxes de peixes, estrelamar e lura, coa axuda inestimable dalgunha nai, que aportou horas de traballo e imaxinación.

O texto resultante foi repartido así por consenso:

**Narradora O:** Teresa García.

**Narradora 1:** Alba Fiúza.

**Narradora 2:** Lucía González.

**Don Calamar:** Luís Martínez.

**Dona Estrelamar:** Sabela Mouco.

**Robaliza:** Fernando Facal.

**Ollomol:** Paula Martínez.

**Salmón:** Pablo Chaves.

**Xurelo:** Xacobe Domínguez.


**Coro peixes 1:** Fernando, Sabela e Xacobe.

**Coro peixes 2:** Pablo, Noelia, Luís e Paula.

**Coro 1:** Eva Figueiras, Juliana Ramírez, Isabel González, Adrián, Alba, Lucía, Noelia, Sabela e Paula.

**Coro 2: Violín:** Óscar Maceiras, David Crespo, Daniel Mora, Alberto Gándara, Carlos Gándara, Ramón Escudeiro, Borja Alonso, Álvaro González, Fernando, Luís, Pablo e Xacobe.

**Apuntadora:** Teresa.





## ESCOLA NO FONDO DA RÍA

*Soan as tres primeiras estrofas da canción Chámome don Polbo. Cantan todos os artistas acompañando a música.*

### Narradora 0

Galicia cheira a sal,  
ten ollos de mascato  
e mans de peixe.  
De babor a estribor,  
de barlovento a sotavento,  
de popa a proa,  
o país está cruzado polo mar.  
O propio país é un océano infinito  
que guinda os brazos dos seus mariñeiros  
desde as augas do fondo da ría  
ate o Gran Sol,  
a cabalo sempre das mesmas ondas,  
que son distintas a cada ollo e a cada instante.

*Soan as tres derradeiras estrofas de Chámome don Polbo, acompañadas polas voces de todos os que interveñen na representación.*

### Narradora 1 (caracterizada de peixe).

Había unha vez un mar azul,  
cheo de peixes, mariscos e algas,  
moi cerca, cerquiña, do paraíso intermareal.  
A xente que alí chegaba  
quedaba enganchada na súa beleza  
e nas súas historias  
de afogados e naufraxios.

### Don Calamar (caracterizado de calamar).

Son don Calamar, dez patas e algo cabezón.  
Quero poñer orde no meu territorio  
e repito sempre nos días de inverno:  
¡Cala, mar; cala, mar; cala, mar; cala, mar!  
E agora, xa se sabe...  
os alumnos, digo, os peixes, chámanme...  
(buscando a desposta do público)

don Calamar, claro.  
E o mar non só fala,  
tamén canta, zoa, asusta e chora.  
Os que falan mellor  
chámanme don Lura,  
porque os alumnos non me aturan.  
Coa miña tinta cargamos os bolis  
para escribir con letra feitiña:

**Coro 1 e 2.**(marcando xesto de escribir no ar).

Mar azul  
mar azul e verde.  
Mar azul, verde e gris.  
Mar azul, verde, gris e negro.

### Dona Estrelamar (disfrazada de estrelamar, con cinco brazos).

Eu son dona Estrela, estrela de mar.  
Cinco brazos, boca grande.  
(Mostrando a súa anatomía específica).  
E todos me chaman dona Estrelamar.  
(Pasea fachendosa).  
Considérome a estrela da escola,  
tamén no fondo da ría,  
ao abrigo da illa de Tambo,  
que nos protexe do vento mareiro.  
Guío aos Reis Magos, que chegan montados  
en lindos golfinos, traendo agasallos  
aos fillos de Neptuno e das sereas todas,  
que cantan nas praias e rochas para orientalos.

Van na comitiva, de cores peixiños,  
cabalos de mar e tamén santiaguíños.

### Don Calamar

A nosa escola é unha escola moi especial:  
(Van subindo os peixes ao escenario. Saúdo con reverencia)  
por alumnos, peixes frescos e mariscos colorados  
que se deixan levar  
polas arroladoras ondas da ría  
e se deixan acariciar  
polas salgadas brisas do mar de Ons.  
(Movemento de ondas e son de vento, repetido ate que imiten os espectadores).

### Todos (cantando e imitando o movemento das ondas).

Ondiñas veñen, ondiñas veñen,  
ondiñas veñen e van.  
Non veñas a Pontevedra,  
que non ten porto de mar. (Bis).

### Dona Estrelamar

A nosa escola é unha escola tan especial,  
que ás veces quedamos todos durmidos,  
lembrando o vaivén do berce  
e as dóces nanas de mamá:

**Violín** (Soan os primeiros compases de  
*A run, run, run, run, meu peixe*  
Todos os comediantes acompañan ao violín  
cantando e marcando o ritmo coas palmas).

**Don Calamar**

Os nosos alumnos son todos moi aplicados.

**Xurelo** (*a don Calamar*). Profe, ¿que fago?

**Don Calamar** (*a Xurelo*). Nada.

**Sardiña** (*a Estrelamar*).

Profe, acabei, ¿Que fago?

**Dona Estrelamar** (*a Sardiña*). Nada. Nada.

**Ollomol** (*a don Calamar*).

Profe, rematei, ¿Que fago?

**Don Calamar** (*a Ollomol*).

Nada. Nada. Nada.

**Robaliza** (*a dona Estrelamar*).

Profe, ¿Que podo facer?

**Dona Estrelamar** (*a Robaliza*). Nada.

Nada. Nada. Nada.

**Narradora 2** (*dirixíndose ao público*).

E así pasa o día

nadando, nadando, nadando...

(*Facendo mimica de natación para que imiten todos*).

**Don Calamar** (*ao público*).

E nadando, nadando, nadando

e repasando Coñecemento do Medio,

que ó o que máis estudiamos,

para coidar a nosa casa, a ría,

dime, ¿para que es ti bo, Ollomol?

**Ollomol**. Para rebaixar o colesterol.

**Dona Estrelamar**. ¿Para que es ti boa,

Robaliza?

**Robaliza**. Para dar aos larpeiros cobiza.

**Don Calamar**. ¿Para que es ti bo, meu

Salmón?

**Don Salmón**. (*Mostrando a lupa e facendo que investiga*).

Para investigar nos ríos,

e tamén no Lérez,

onde hai contaminación.

**Dona Estrelamar**. ¿Para que é bo o muxe?

**Todos os personaxes anteriores**. Para que nas portas non se empuxe.

**Dona Estrelamar**. ¿Para que serve a ameixa?

**Todos**. Para atender toda queixa.

**Dona Estrelamar**. ¿Para que serve o xurelo?

**Todos**. Para aprender todo e non esquecerlo.

**Narradora 2**. (*Coro peixes 1 e 2 fan mimica para cada idea expresada*).

Temos tamén escola infantil,

con peixiños brillantes

e raias no mandil.

Libretiñas verdes

de follas molladas,

ollos vivarachos

e moitas risadas.

E pobres dos peixes

de cadernos verdes

envoltos en redes.

**Don Calamar** (*dirixíndose ao público*).

Os peixes protestan por se levantar.

**Dona Estrelamar**. Se chegades tarde, vouvos castigar.

**Don Calamar**

Chamo por don Chapa,

que sabe nadar.

Tamén mergullarse

debaixo da area

para camuflarse.

**Coro 1 e 2**

Don Chapa, Chapa, Chapa,

negro coma un pote,

vaite de aí, non me luxes,

que non me lavo decote.

**Narradora 1**. Temos tamén unha escola de oficios:

**Narradora 2** (*Mostra a caracola e faina soar ao final da frase*).

Toca puntual a caracola

a entrada e saída da escola.

**Narradora 1**. O peixe eléctrico ilumina a aula.

**Narradora 2**

Co peixe espada rompemos as armas

e non xogamos con elas. (*Xestos de rexeitar e tirar armas de xoguete*).

**Narradora 1**.

No taller do peixe serra

facemos bandeiras brancas

e carteis de non á guerra.

(*Coro 1 e 2 e coro peixes 1 e 2 reparten entre os asistentes bandeiras de paz mentres berran: "Non á guerra"*).

**Narradora 2**.

Cos peixes voadores

aprendemos a a sobrevivir

nas condicións peores,

por se a auga se ensucia

e temos que respirar,

no Gafos e no Lérez,

coma os roedores.

**Narradora 1**.

No obradoiro do peixe sapo,

onde traballamos con gana,

aprendemos a camuflarnos

dos mariñeiros furtivos

e do pescador de cana.

**Narradora 2.**

Co mestre don Calamar  
tinguimos a tinta de cores variadas  
para distinguirmos  
de fondos e rochas chapapoteadas.

**Narradora 1.**

Na clase de música, ás doce do día  
de todas as mañás,  
batemos aletas e tocamos con cunchas  
o chas-ca-rras-chás,  
o chas-ca-rras-chás.

*(Actores / actrices do escenario fan  
soar cunchas de vieiras ao ritmo do  
chas-ca-rras-chás).*

**Narradora 2**

Do obradoiro de chistes  
encárgase o mexillón,  
que, cando non está serio,  
é molusco moi guasón.

**Coro de peixes 1 e 2**

No obradoiro do porvir  
pregúntannos que seremos,  
e non podemos mentir.  
¿Que queres ser de maior?

**Coro de peixes 1.**

A xouba será sardiña  
e o corbelo, abadexo.

**Coro de peixes 2.**

A carioca ha ser pescada,  
os meixóns serán anguías.

**Coro de peixes 1.**

O despistado berberecho  
contesta moi convencido  
que de maior quere ter  
pelo pincho e pelo crecho.

**Coro de peixes 2.**

Temos reducido o patio  
de recreo.  
A zona de Celulosas  
ten areas apestosas.

**Coro de peixes 1.**

Aos muxes mólalles escapar  
aos residuos industriais  
e aos residuos fecais,  
moi bos para vomitar.

**Coro de peixes 2.**

Os peixes máis pequeniños  
soñan con xogar no parque  
e montar nos cabaliños  
para cabalgar os mares  
e pescar monstros mariños.

**Coro de peixes 1.**

Os cangarexos ermitáns  
son tan aburridos eles,  
que non xogan con ninguén  
nin comparten o oxíxeno,  
que seique é o seu pan.

**Coro de peixes 2.**

No tempo de vacacións  
tamén imos de excursión.

**Coro de peixes 1.**

Cando máis o día medra,  
imos a Vigo, Noia-Muros e Arousa  
desde a nosa Pontevedra.

**Coro 1.**

Rías Baixas.  
Rías Baixas.

**Coro de peixes**

Se nadamos varios días,  
visitamos outras rías:  
Corcubión, Camariñas,  
A Coruña, Corme-Laxe,  
Ares-Betanzos, Ferrol, Cedeira,  
mar de rochas e ondaxe.

**Coro 1.**

Rías Medias.  
Rías Medias.

**Coro de peixes**

A final de curso  
visitamos O Barqueiro,  
Ortigueira, Foz, Viveiro  
e Ribadeo. E voltamos  
de noite nun submarino lixeiro.

**Coro 1.**

Rías Altas.  
Rías Altas.

**Coro peixes**

Neutros tempos o mar  
non era o que é hoxe:  
dominio dos barcos petroleiros,  
dos fardos de droga  
e do turismo domingueiro.

**Coro 1.**

Queremos que o mar meza  
a luz laranxa do Sol  
nas súas augas ao solpor,  
que as ondas traian fábulas  
e arrastren aventuras.

**Coro 2.**

Pero o mar esquece e ignora,  
é un bo refuxio líquido  
para a nosa desmemoria.

**Coro 1.**

O mar machaca,  
pero tamén purifica.  
O mar machaca,  
pero tamén purifica.

**Narradora 1.**

Os profes avisan  
que non nos metamos  
no fondo da ría,  
pois alí hai monstros  
que nos arrepían.  
Os profes avisan  
que non nos metamos  
no fondo do mar, pois alí hai p<sup>c</sup>ixes  
que non han asustar.

**Narradora 1 e 2.**

E peixe asustado  
é peixe pescado,  
atrapado nas redes  
do home malvado,  
que todo o pesca,  
que todo o caza,  
por crese el o rei  
de todo o creado.

**Coro 1.**

E cando se acaba  
a tinta do boli  
imos amodiño  
cara a Redondela,  
onde os seus chocos  
nos dan borro e punzón  
para escribir con Mendiño:

**Coro 2.**

Estaba eu na ermida de San Simón  
e cercáronme as ondas,  
que grandes son.

*(Repiten para que o digan todos).*

**Dona Estrelamar (dirixíndose ao público).**

¿Gústavos o noso cole?  
¿Queredes nadar con nós?  
Vinde á praia,  
xoguem cos raios do Sol,  
mentres escribimos  
cos bolis de tinta  
de don Calamar:

**Coro 1 e 2.**

Mar azul.  
Mar azul e verde.  
Mar azul, verde e gris.  
Mar azul, verde: siii.iii.  
Gris e negro: nooooooon.

**Coro 1.** *(Cantando e dirixíndose á zona anterior ao escenario).*

Nosa Señora da Guía,  
¡ai da guía de mariñeiros!  
**Coro 2.** *(Cantando e colocándose diante do escenario).*


Nosa Señora da Guía,  
¡ai da guía de mariñeiros!  
**Coro 1.** *(Sinalando ao público co dedo).*

**Mira estes rapaciños.**  
Mira estes rapaciños,  
que guapos e churrusqueiros.

**Coro 2.** *(Repite os tres versos derradeiros do Coro 1. Sinala co dedo ao público).*

**Coro 1.** *Saldan os de abaixo e de arriba e volve soar música do principio.*

Colectivo 6º B.



Maria B

## ¿QUE SON OS AVÓS?

Maria José Ogando 4ªA

Os avós son persoas maiores, que anque parece que non saben nada teñen moita sabedoría porque viviron moitos anos con momentos triste e felices durante a súa vida.

Cando fomos pequenos a maioría deles coidábanos, déronnos de comer,

colliannos no seu colo, arrolábanos ou mentres que os nosos pais marchaban eles quedaban con nós.

Os nosos avós son aqueles que nos levaron ó parque, a pasear, a facer recados, a visitar a algunha persoa, ó colexio ou nos mercaban algunha lambe-

tadas.

Cando fomos pequenos todo iso nos fixeron e cando nos medremos e eles se fagan máis vellos temos nós que facer o mesmo con eles: acompañalos, coidalos, escoitalos e darlle moito cariño.

## A EMIGRACIÓN DO SÉCULO XX

Hadrián Montes Campos 5ªB

A principios do século XX, como Galicia non estaba desenvolvida, moita xente tivo que emigrar a outros países. A emigración foi cara Sudamérica e Europa central.

Na miña familia emigraron, os meus bisavós tanto por parte da miña nai coma pola de meu pai.

Un dos meus bisavós mar-

chou, cando tiña 14 anos, da súa aldea. Chegou a Vigo e meteuse de polizón nun barco que o levou ata México. Alí empezou a traballar vendendo mercancías polos pobos remotos do interior. Como non sabía escribir inventou unha serie de símbolos para levar a súa contabilidade. Ó cabo dos anos volveu á súa

terra e levou a xente da súa aldea a traballar a México.


Todos os meus bisavós cumpriron os seus desexos de voltar ó cabos dos anos definitivamente a súa terra.

# IMOS Ó LABORATORIO

Por Andrés Gilsanz Márquez 5º C

A nosa segunda experiencia no laboratorio do colexio foi a máis productiva posto que a nosa profesora ensinounos algunha medida de volume. Fixemos varios experimentos que nos serviron para coñece-lo volume dalgúns obxectos. Custounos un pouco encontrar unha definición correcta para a capacidade. As conclusións obtidas foron moi proveitosas para o control que tivemos varias semanas despois.

Aquí temos algunha das cousas que fixemos: encher un dm. cúbico de auga e vertelo nunha probeta, desta forma comprobamos que  $1 \text{ dm}^3$  de calquera substancia e igual a un litro. Despois deste experimento pesamos un cubo de madeira de 1 dm. cúbico




co e comprobamos que a súa masa era de 556 g.

A última vez que fomos ó laboratorio estudiamos o que eran mesturas homoxéneas e mesturas heteroxéneas, agora veñen descritas estas dúas mesturas:

**Mesturas homoxéneas:** Son as mesturas nas que non se diferencian os elementos que a compoñen.

**Mesturas heteroxéneas:** Son as mesturas



Un dm<sup>3</sup> e 1 l de calquera substancia

nas que se diferencian perfectamente os elementos que a compoñen.

Fixemos cinco experimentos para comprobar as diferentes formas de separar unha mestura:

**Flotación** - Permítenos separar as partículas menos densas ca auga. Exemplo: porexpán.

**Sedimentación** - Podemos separar as substancias máis densas ca auga. Exemplo: a area

**Filtración** - Usando un filtro que deixa pasa la auga, pero retén as partículas sólidas.

## O SOL PERMITE REALIZA-LA VA-PORIZACIÓN

Exemplo: o xiz na auga  
**Evaporación** - Deixando repousa-la auga para que se evapore. Exemplo sulfato de cobre na auga.

Un último dato importante é que a masa dun obxecto mídese coa balanza.



A masa mídese coa balanza

# INSTRUMENTOS POBRES

Aula de música

Xavier Blanco, investigador de música popular do concello de Moaña visitou o noso colexio por segunda vez.

Este ano sacou a venda o seu segundo disco chamado "instrumentos pobres", que trata sobre instrumentos caseiros típicos do seu pobo.

Fixonos unha demostración de cómo se pode facer música con calquera obxecto non so con instrumentos coñecidos como tales coma guitarras, baterías, etc. e nos presentou as súas composicións feitas con diversos instrumentos tradicionalmente chamados "pobres".

Reciben este nome dende tempo antigo, os útiles sonoros, como culleres, peneiras, botellas de anís, legóns riscados con pedras, viri-vara, teoiras, botellas, pitos, gaita de cana, cazo, vasoira, palla de centeo, morteiro, sachos, gaitas de cana, tanque, vasoira, peneira de pel de ovella e madei-

ra para separar a fariña do farelo, tirulirulís, fouce de testa, acendedor de vimbios, latas de pemento, leiteira, a gaita de fol, etc.


Estes instrumentos case sempre estaban relacionados coas faenas e os labores e eran empregados polas clases sociais máis humildes, e con menos recursos, e ademais son instrumentos con poucos recursos técnicos, por iso se empregou esta denominación.

Non so nos fixo unha demostración de cómo tocar estes instrumentos tamén nos contou algunhas costumes que antes acontecían nos pobos:

Cando chegaba a labranza, os paxaros observaban ós labregos traballar e querían papalo sementado. Para que os paxaros non lles estragaran a colleita facían espantallos con cousas da casa, como unha cabaza, uns pantalóns e unha camiseta deles mesmos, despois facíase un ritual de burla, os labregos pú-

ñanse arredor do espantallo con moitos sachos, pasado o tempo, e cando o millo estaba crecido collían a espiga e a separaban da folla, isto eran as esfolladas nelas xogaban o xogo do rei que consistía en que poñían nunha cesta moitas espigas e unha colorada o que sacara a espiga colorada da cesta era o rei da festa e bailaba cunha moza. Os máis novos gustáballe este traballo porque se namoraban e xogaban o xogo do rei.

Non faltaba o gaiteiro e se este non viña facían a gaita de cana. Logo que as espigas estaban secas levábanse ó moíño, alí tamén facían música coas peneiras coas que se producían ritmos moi característicos ademais de servir para separar a fariña do demais.



Tamén unha vasoira e un tanque podían acompañar as cancións

Unha lata de pemento serve para acompañar unha melodía.




# TRABALINGUAS E REFRÁNS

Pablo Tomico, Diego Blanco, Fernando Juega, Laura Miguélez, David Peón. 3ºA


"Eu vou a Bueu se vou nun bou.  
Se non vou nun bou, a Bueu non vou."



"Cando contas contos nunca  
contes cantos contos contas,  
porque cando contas contos  
nunca contas cantos contas".



Vísteme a modo que teño presa.




Máis vale tarde que nunca.


Deus lle da pan a quen  
non ten dentes.



Quen quera peixes  
que se molle o cu.



Máis vale paxaro na man  
que cento voando.




¡Moitas olas ó lume e un  
garavanzo a cocer!

Do vello, o consello.

Ovella que berra, bocado que perde.



Amigos e libros, poucos, bos e ben lidos.





# Pon o teu cerebro a traballar, non se gasta.

Aldara Traveso 6ª

- 01.- ¿De que cor son as mangas do chaleco verde de Xosé?
- 02.- Un pato e un neno nacen o mesmo día. O cabo dun ano ¿cal é o mair dos dous?
- 03.- ¿Por qué en todos os hospitais hai un sacerdote?
- 04.- ¿Cómo se chama en Alemania ó ascensor?
- 05.- ¿Cal é o país que ten nome de postre?
- 06.- Sete patos "metidos" nun caixón, ¿cantos picos e patas son?
- 07.- ¿Qué mar é dúas veces mar?
- 08.- ¿Cal é o día máis longo da semana?
- 09.- ¿Cal é o numero que se o pos ó revés vale menos?
- 10.- Un león morto de fame ¿de que se alimenta?
- 11.- ¿Cal é o océano máis tranquilo?
- 12.- O boticario e a súa filla, o medico e a súa muller comeron nove pasteis e todos tocaron a tres. ¿Cómo pode ser?
- 13.- ¿Canta area hai dentro dun burato de 2x2x2 metros?
- 14.- ¿Canto tempo se necesita para cocer un ovo duro?
- 15.- ¿Con que pez se pecha e abre a porta?
- 16.- ¿Cal é o animal que é dúas veces animal?
- 17.- ¿Qué nome de muller cae entre dúas notas?
- 18.- ¿Cómo se debe dicir: "a xema é branca ou as xemas son brancas"?
- 19.- ¿Qué illa española ten nome de metal?
- 20.- ¿Pode un home casarse coa muller da súa viúva?
- 21.- ¿Cal é o instrumento musical que so ten unha corda?
- 22.- ¿Qué se necesita para acender unha vela?
- 23.- ¿Qué está sempre no medio do mar?
- 24.- Nunha árbore hai sete paxa-

ros; chega un cazador, dispara e mata a dous. ¿Cantos paxaros quedan na árbore?

25.- ¿Qué se fai nun pobo pequeno cando se pon o sol?

26.- ¿Qué é o primeiro que fai unha vaca cando sac o sol?

27.- Marta e María son irmáns. Marta ten dúas sobriñas que non son sobriñas de María. ¿Cómo pode ser isto?

28.- Un galo sube ó alto dunha montaña e pon un ovo. Se o vento sopra de Leste a Oeste ¿cara onde caerá o ovo?

29.- Marta e María son fillas do mesmo pai e da mesma nai. Sen embargo Marta di que non é irmá de María.

¿Que é Marta?

30.- Hai gatos nun caixón, cada gato nun rición, cada gato ve tres gatos. ¿Sabes cantos gatos son?

31.- ¿Cal é o número que se lle quitas a metade vale cero?

32.- Madrid empeza por M e termina por T. ¿Podes explicalo?

33.- Palabra que ten cinco is.

34.- ¿Cal é o animal que despois de morto da máis voltas?

35.- Sae un avión de España e outro de Chile. ¿Cómo se chaman os pilotos?

36.- ¿A que animal hai que estar entretendo para que non cambie de sexo?

37.- ¿Por qué era torto o cabalo de Aníbal?

38.- Nome de varón que contén as cinco vocais.

39.- ¿Cal é o animal que ten máis dentes?

40.- ¿Qué é o que se rompe cando se pronuncia?

41.- ¿Qué é o contrario de saír?

42.- Un neno nace en Pontevedra, o cabo dun ano vaise a vivir a Vigo. ¿Onde lle sairán os dentes?

43.- ¿En que sitio está o sábado antes que o venres?

44.- ¿Cal é o mes máis curto?

45.- ¿Qué é o que ten Adán diante e Eva detrás?

46.- ¿Onde leva o acento a botella?

47.- Se digo cinco por catro vinte, máis dous, igual a vinte-tres. ¿É verdade ou mentira?

48.- Se digo cinco por oito corenta, máis dous, igual a corenta e catro. ¿É verdade ou mentira?

49.- Máis difícil aínda. Palabra con 6 "is".

50.- Palabra con 6 "os".

51.- Uns meses teñen 30 días e outros 31. ¿Cantos meses ten 28 días?

52.- Cazador vai de caza, matou sete lebres e trouxoas vivas a casa. ¿Podes explicalo?

53.- Un granxeiro ten 17 ovellas se morren nove. ¿Cantas ovellas lle quedan?

54.- ¿Cantos animais de cada especie levou moisés na Arca?

55.- Se conduces un autobús con 43 persoas desde Cádiz a Barcelona, paras en Madrid, suben 7 persoas e baixan 5. Chegas a Barcelona 20 horas máis tarde. ¿Cómo se chama o conductor?



56.- ¿Cómo me chaman cando estou lonxe?

57.- ¿De que se pode encher un saco para que pese menos?

58.- ¿Cómo se escribe "durmindo" ou "dormindo"?

59.- ¿Qué animal é bigamo polos seus pes?



60.- ¿En que se parecen as montañas e as mulleres?



So-

# SOPA DE LETRAS

F	X	V	W	C	A	L	O	R	G	Z	E	F	H	I	B
T	L	U	T	S	R	O	D	A	C	S	E	P	S	A	P
I	O	O	Ñ	X	E	L	A	D	O	T	B	R	Ñ	L	O
S	S	A	T	U	L	C	N	X	C	F	M	A	K	I	R
M	A	O	L	A	V	W	M	D	G	H	D	I	R	N	T
N	P	B	S	L	D	A	B	A	K	O	M	A	O	C	I
R	Ñ	Q	R	T	A	O	E	D	R	F	U	E	G	T	A
P	A	R	A	S	O	L	R	E	Z	Ñ	A	M	E	R	C




Atopa estas palabras na sopa de letras

- parasol    xelado    pescador**  
**bañador    calor    praia**  
**toalla    mar    crema**


Coloca un número en cada cuadro tendo en conta que:

- a) 3,6,8, están na horizontal superior.
- b) 5,7,9, están na horizontal inferior.
- c) 1,2,3,6,7,9, non están na vertical esquerda.
- d) 1,3,4,5,8,9, non están na vertical dereita.



## CHISTE

¿Qué lle dixo un peixe a outro?

Nada Nada Nada Nada

### lucións:

- 01.- Os chalecos non teñen mangas.
- 02.- O pato, porque terá ano e pico.
- 03.- Para que os enfermos teñan cura.
- 04.- Apretando botón.
- 05.- Macedonia.
- 06.- Dous picos e catro patas, porque só "meti-dos" no caixón.
- 07.- Omar Mármara.
- 08.- O mércores, porque ten máis letras.
- 09.- O nove.
- 10.- De nada, porque está morto.
- 11.- O océano Pacífico.
- 12.- Porque a filla do boticario é tamén a muller do médico.
- 13.- Nos buratos non hai nada.
- 14.- Nada, xa está cocido.
- 15.- Co pes-tillo.
- 16.- O gato, porque é gato e "araña".
- 17.- Micaela.
- 18.- A xema é amarela.

- 19.- Hierro.
- 20.- Non, os mortos non se casan.
- 21.- A campá.
- 22.- Que esté apagada.
- 23.- A letra "a".
- 24.- Ningunha, porque os cinco paxaros vivos forense voando.
- 25.- Faise de noite.
- 26.- Sombra.
- 27.- Porque as sobriñas de Marta son as fillas de María.
- 28.- Cara ningún sitio porque os galos non poñen ovos.
- 29.- Unha mentirosa.
- 30.- Catro gatos.
- 31.- O oito.
- 32.- ... e Zaragoza por zeta.
- 33.- Dificilísimo.
- 34.- O polo asado.
- 35.- Pola radio.
- 36.- Ó burro para que non sex...a...burra.
- 37.- Porque lle faltaba un ollo.
- 38.- Aurelio.
- 39.- O rato Pérez.
- 40.- O silencio.

- 41.- Saio.
- 42.- Na boca.
- 43.- No diccionario.
- 44.- Maio. so ten catro letras.
- 45.- A letra "a".
- 46.- No tacón.
- 47.- Verdade:  $5 \times 4, 20 + 2 = 23$ .
- 48.- Verdade:  $5 \times 8, 20 + 2 = 44$ .
- 49.- Indivisibilidade.
- 50.- Otorrinolaringólogo.
- 51.- Todos os meses teñen como mínimo 28 días.
- 52.- O cazador chámase "Vivas".
- 53.- Dezasete (8 vivas e 9 mortas ... pero siguen sendo 17).
- 54.- Ningún o Arca era de Noé.
- 55.- Ti es o conductor.
- 56.- A berros.
- 57.- De buratos.
- 58.- Escríbese desperto.
- 59.- O pato porque ten dúas "patas".
- 60.- En que as dúas teñen saias.




**¡PARABÉN A TÓDOLOS  
QUE SE ACHEGARON Á  
NOSA BIBLIOTECA!**

**OS QUE MÁIS LERON:**

- Alberto Escobar (94)
- Daniel Chaves (90)
- Xabier González (76)
- Claudia Gómez (58)
- Alba Fiúza (43)
- Jacobo Domínguez( 41)
- Pablo Astor (32)
- Andrea Vallejo (31)
- Marcela Torres (24)
- Cristina Táboas (24)
- Borja Merino (23)
- Gonzalo García (23)
- Raquel García (23)
- Lucía González (23)
- Javier Villaverde (22)
- Marta Domínguez(22)
- Marta San Martín (20)
- María Membribes (17)
- Claudia Méndez (17)
- Elena Vázquez (16)
- Diana Otero (16)
- Ana Francisco (15)
- Uxía Martínez (15)
- Diego Blanco (15)
- Paula Rey (15)
- David Fuentes (14)
- Miguel Sánchez (15)
- Leire Porral (14)
- Cristina Otero (13)
- Javier Ramírez (13)

**DÁMOSLLE AS GRACIAS ÓS  
ALUMNOS/AS DO 3º CICLO POLO  
MOITO QUE AXUDARON NAS  
ACTIVIDADES DE:**

**REXISTRAR, CLASIFICAR, ORDENAR,  
ETIQUETAR ...**



# SUMARIO

Editorial  
Letras Galegas  
Creación Literaria  
Entrevistas  
Celebracións  
Reportaxes  
Camelia  
Noticias  
Saídas Culturais  
Teatro  
Medio Ambiente  
Visitas  
Música  
Pasatempos  
Biblioteca

**EDITA:** CEIP Campolongo


**DIRECCIÓN E COORDINACIÓN :** M<sup>a</sup> Isabel García Tobío


**COLABORADORES:** Alumnos/alumnas e mestres/mestras do colexio que aportaron os seus traballos.

**TRATAMIENTO INFORMÁTICO:** Alumnos e alumnas de sexto curso, Marísa Pérez, Cuca Martín e M<sup>a</sup> Isabel García

Publicación subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística

CADA ANO EN  
CEIP CAMPOLONGO  
OS NENOS  
QUEREN  
MÁIS AO  
GALEGO





Despois dun  
longo camiñar

Imos disfrutar  
dunhas merecidas  
vacacións

